

COMPOSICIÓN 16. AS GRANDES REFORMAS DA REPÚBLICA

Introdución

O 14 de abril de 1931 o Comité revolucionario, saído do Pacto de San Sebastián de 1930, convértese en goberno provisional de forma pacífica, sen incidentes destacables. Esa mesma noite nomeou a Alcalá Zamora como presidente do goberno, decretou unha amnistía xeral, proclamou as liberdades públicas e sindicais e comezou a elaborar as liñas das grandes reformas. Iniciábase así un proceso que continuaría coas eleccións a Cortes Constituíntes que deron como resultado unha maioría republicana de esquerdas e socialista que acabaría promulgando a Constitución de 1931.

A depresión conseguinte á crise de 1929 significou o regreso dos emigrantes ó campo e o despedido masivo de traballadores non cualificados, especialmente no sector da construción, que experimentara un notable crecemento durante a ditadura de Primo de Rivera. Desde a primavera de 1931, e durante o bienio de 1931-33, o goberno promulgou numerosos decretos e levou adiante numerosas reformas que pretendían democratizar a vida política, modernizar España e mellorar o nivel de vida das clases menos favorecidas. A chegada da II República representaba a oportunidade de mellorar as súas condicións de vida, coa oportunidade de realizar unha importante redistribución da riqueza, a creación dunhas relacións laborais máis equitativas e rematar cos poderes case feudais dos terratenentes.

Medidas e Reformas durante o Goberno Provisional

As primeiras medidas tomadas polo ministro de traballo Largo Caballero foron os **decretos laborais** que intentaban mellorar as condicións dos xornaleiros do Sur de España e, de seguido, as condicións dos traballadores e sindicatos.

Os primeiros Decretos consistiron na prohibición de desaloxar ós arrendatarios das fincas, a fixación da xornada laboral en 8 horas, o **Decreto de termos municipais** que obrigaba ós propietarios agrícolas a contratar traballadores da comarca, o **Decreto de laboreo forzoso** que obrigaba ós propietarios agrícolas a manter as súas terras en produción e a **creación de xurados mixtos** que reunían a representantes de patróns e obreiros para fixar as condicións de traballo, contratación, salarios.

No mes de novembro de 1931, Largo Caballero propuxo unha serie de medidas para favorecer a posición dos traballadores e sindicatos como a **A Lei de Contratos de Traballo** que establecía normas obrigatorias para a contratación laboral, regulaba os convenios colectivos, negociados polos representantes das patronais e dos sindicatos, contiña normas sobre os salarios e o seu incremento, establecía 7 días de vacacións pagadas ó ano, protexía o dereito á folga. Contemplaba o seguro de accidentes, retiro e maternidade. A **Lei de Xurados Mixtos, formados por** patróns e obreiros, xeneralizaba os xurados mixtos en todos os sectores económicos. A súa función era mediar nos conflitos laborais. Estas reformas atoparon a pechada oposición dos empresarios e dos terratenentes, que en numerosas ocasións se negaron a aplicalas.

Durante o goberno provisional, o ministro da Guerra Manuel Azaña vai levar adiante a **Reforma Militar**. Unha das grandes preocupacións da República era asegurarse a fidelidade do exército, maioritariamente monárquico, e levar adiante a súa reforma. O Exército español presentaba graves deficiencias, exceso de oficiais e un equipamento escaso e obsoleto. Azaña, desde o ministerio da Guerra, iniciou o seu plano de modernización e reforma do exército. A Lei Azaña establecía unha serie de medidas para a reforma do exército, entre a que se encontra a **supresión de Lei de Xurisdicións**.

A reforma tiña como un dos obxectivos crear un **exército máis moderno e eficaz e respectuoso da República**. Azaña pretendía eliminar o poder político dos militares e gañar a fidelidade do exército para o réxime Republicano. Para iso, esixíuselles ós militares un **xuramento de fidelidade ó novo réxime e levou adiante a redución do nº de xefes e oficiais, mediante o Retiro voluntario, que facilitaba o pase á reserva con soldo íntegro ós militares que o solicitan** (84 xenerais e 8.650 oficiais. Non contribuíu a facer un exército máis republicano, pois unha grande parte dos que se acolleron ó retiro pertencían ó sector máis liberal).


Azaña levou adiante tamén a **reorganización do Exército** coa **supresión de divisións, capitanías xenerais...** e reducindo **as 7 Academias militares a 3** (pechouse a Academia militar de Zaragoza que dirixía Franco desde 1928). **Modificou ademais a política de ascensos e destinos, recuperou a** provisión de destinos por antigüidade, o nomeamento e ascenso dos xenerais por Ministro da Guerra e ameazou coa revisión de ascensos por méritos concedidos na Ditadura.

As reformas crearon malestar entre algúns sectores do exército, sobre todo dos africanistas, nun principio temerosos da revisión de ascensos na Ditadura (medida que non e levou adiante). Defensores do Orde, uníase para o seu descontento o perigo que representaba para unha parte deles o “separatismo” das autonomías rexionais e o crecemento das organizacións obreiras.

Un dos aspectos máis significativos da República foi o seu labor educativo. A Reforma educativa tiña entre os seus obxectivos a diminución das elevadas taxas de analfabetismo (30-50%), a mellora do nivel cultural e a formación de cidadáns libres, responsables e formados para a Modernización do país.

LAS PRIMERAS REFORMAS

REFORMAS SOCIALES → Largo Caballero: Ministro de Trabajo
Decreto de 8 horas laborales
Ley de 8 horas laborales
Ley de 8 horas laborales
REFORMA DEL EJÉRCITO → Manuel Azaña: Ministro de Guerra
Ley de Retiro: E-435 abandona el ejército
Supresión de la Academia Militar de Zaragoza
Reducción Capitanías Generales
Desagregación de las jurisdicciones
Creación de la Guardia de Asalto → Cuerpo de orden al servicio de la República
LA CUESTIÓN AUTONÓMICA
Gobierno provisional de Cataluña (xeneralitat)
REFORMA EDUCATIVA
Hacia una escuela pública y laica → Construcción de escuelas y más maestros
Ley: “Escuelas Proletarias”



LA REFORMA MILITAR	
EXISTENTE	PREVISTA
Reducción al máximo número de oficiales (proceso de depuración)	Ley de retiro de la oficialidad
Reorganización de la administración y estructura militar	Los diversos organismos sustituyen a las capitánías generales y se reordenan las academias (se cierra la de Zaragoza)
Modernización de las escuelas	Se suprimen algunos rangos
Supresión de la jurisdicción militar y la civil	Se suspenden los tribunales militares a los civiles y se obliga a los militares a jurar fidelidad al régimen



Durante o goberno provisional creáranse as **Misións Pedagóxicas** para estender o ámbito educativo a sectores da poboación ata entón marxinaos (polos pobos: teatro, cine, conferencias, libros...) e a Barraca (Compañía Teatral de Lorca).

En Instrución Pública, o ministro Marcelino Domingo adoptou as medidas necesarias para reforzar o control do Estado no sector educativo, dominado ata o momento pola Igrexa católica. Os seus decretos establecían:

Un plano quinquenal para crear miles de prazas escolares (6750 escolas e no seu primeiro ano, ampliaba en 7.000 o cadro de persoal de mestres estatais) Aumentaba o soldo ós mestres, implantaba a Coeducación no Ensino Secundario, duplicou o número de Institutos de Ensino Secundario, pasando de 28.000 a 56.000 o número de alumnos e crea o Instituto de Investigacións Científicas.

En relación coa política de liberdade relixiosa, aconfesional e laica que, xunto co os políticos republicanos pretendían implantar, así como o obxectivo de diminuír a influencia da Igrexa Católica en distintos eidos, o goberno provisional promoverá varios **decretos de secularización** como a autorización a todas as confesións relixiosas do exercicio privado do seu culto; a voluntariedade do ensino relixioso nas escolas ou o fin da obrigatoriedade de asistir a servizos relixiosos en cuarteis e cárceres.

REFORMAS DO BIENIO REPUBLICANO SOCIALISTA

Trala aprobación da Constitución de 1931, iniciouse un novo período, o Bienio reformista (1931-1933) en que republicanos, entre os que destaca Manuel Azaña de Acción Republicana, e socialistas do PSOE conformaron unha coalición de goberno.

A coalición republicano-socialista pretendía democratizar a vida política española, establecer o laicismo, modernizar as estruturas estatais e mellorar o nivel de vida das clases menos favorecidas, mediante un ambicioso programa educativo e de reforma agraria, que se enfrontaba aos intereses da oligarquía terratenente, a alta burguesía financeira e industrial e a Igrexa, e tamén provocaba tensións cos pequenos e medianos propietarios, asustados polas ideas marxistas de reparto de terras.

Os principais cargos corresponderían a Alcalá Zamora, como Presidente da República e Manuel Azaña, como presidente dun goberno republicano-socialista que emprendeu un amplo programa de reformas, que pretendían modernizar e democratizar España e abordar os principais problemas que lle afectaban: a escasa industrialización, o incremento do paro como consecuencia da crise de 1929, o amplo número de campesiños sen terra, sobre todo no Sur ou o atraso cultural, predominio do ensino relixioso, analfabetismo.

A reforma do exército, con excesivo número de oficiais e a maioría non afectos á República, xa a levaba adiante Manuel Azaña durante o goberno provisional.




Unha das reformas máis necesarias, dado o número de xornaleiros sen terra en España foi a **Reforma Agraria**.

En 1931 España continuaba a ser un país eminentemente agrario (45'5% da poboación activa, a metade xornaleiros ou pequenos arrendatarios e propietarios que malvivían no campo). Aínda que algúns sectores evolucionaron orientando a súa produción cara á exportación, a nivel xeral predominaba o atraso técnico, a baixa produtividade, unha estrutura da propiedade complexa, desde o predominio do minifundio no norte, ata o predominio de latifundios mal aproveitados do Sur. A fame de terras de xornaleiros e braceiros do Sur chocaba cunha elite agraria de grandes propietarios resistentes a calquera transformación por moi feble que fora. Desde a primavera de 1931, os Decretos Agrarios, impulsados polos ministros socialistas de Traballo e Xustiza, Francisco Largo Caballero e Fernando de los Ríos, procuraban a mellora nas condicións laborais do campesiñado e preparar o camiño á reforma agraria prometida. A maioría dos grandes propietarios negáronse a respectar os decretos e retrasaron ou boicotearon a súa aplicación.

En 1932 o goberno aprobou a Lei de Reforma Agraria. Aínda que houbo varios proxectos que non foron aprobados (o dunha Comisión Técnica Agraria que se centraba en Andalucía, Extremadura, Toledo e Cidade Real; e outro proxecto dunha Comisión presidida por Alcalá Zamora que contemplaba indemnizacións moi elevadas), ó final discutírase e aprobábase o proxecto do ministro de agricultura Marcelino Domingo.

Antes da súa aprobación, houbo discrepancias entre o propio goberno, pois os republicanos temían a resistencia dos propietarios e tentaban compatibilizar o respecto á propiedade privada e ós cultivadores directos, coa función social da terra e rematar co problema da baixa utilización dos latifundios e das terras incultas. Foi notable a falta de interese polo tema do presidente do goberno, Azaña. Os socialistas, que ven reforzado o seu sindicato FNTT, considerarán a lei insuficiente.

Ademais das discrepancias entre o goberno, o retraso na aprobación da Lei débese á obstrución da dereita, os Agrarios, e a oposición dos propietarios que fundan a Agrupación Nacional de Propietarios de Fincas Rústicas. Será o fracaso da Sanxurxada o feito que acelerará a aprobación da **Lei da Reforma Agraria** en setembro de 1932.



Os obxectivos da Lei de Reforma Agraria de 1932 eran: Rematar co latifundismo improdutivo e co paro agrario, permitir acceder á propiedade a milleiros de familias campesiñas, asentar anualmente entre 60.000 e 70.000 campesiños, promover o apoio á República e evitar conflitos sociais, incrementar a produción agraria e o nivel de vida dos campesiños e estimular así a actividade industrial e comercial. A lei establecía a expropiación con indemnización de antigos señoríos xurisdicionais, terras incultas ou mal cultivadas, terras en zonas de rego que non foran convertidas en regadío, terras con máis de 12 anos de arrendamento, terras situadas a menos de 2 Km do casco dos pobos de menos de 25.000 habitantes, non cultivadas directamente polos seus propietarios (terras de “ruedo”) Estas 2 últimas supuñan unha ameaza de expropiación de terras para os pequenos e medianos propietarios.

Ademais creouse o **Instituto de Reforma Agraria (IRA)** para o rexistro de terras expropiables, o pago indemnizacións, o asentamento dos campesiños e facer chegar créditos ós campesiños.

Valoración: A súa aplicación foi un fracaso (moi lenta e escasas terras empregadas). Moi poucos campesiños beneficiáronse da lei, unhas 12.000 familias ata 1934. Atopou varias dificultades, dunha banda a complexidade da lei, pois a súa posta en práctica necesitaría polo menos un ano ata completar o rexistro de terras e o censo de campesiños e a falla de recursos económicos para pagar as indemnizacións e conceder créditos(presuposto do IRA: 50 millóns, metade do orzamento para a Garda Civil) A escasa aplicación da lei provocou unha **decepción xeneralizada** entre o campesiñado nun contexto económico de paro crecente, co que se engadiu a oposición e presión de anarquistas e socialistas que vían a reforma como insuficiente e burguesa, incrementándose a inestabilidade social e política.

Aínda así provocou o medo dos pequenos e medianos propietarios do Norte, que serán alentados polos grupos católicos contra a República e a prol do voto para a CEDA.

Durante o Bienio republicano-socialista, continuouse coa Reforma educativa. Como a Constitución de 1931 establecía un ensino obrigatorio, laico e gratuíto, a República vai levar adiante un amplo programa de **construción de novas escolas e contratación de mestres e a implantación do Ensino mixto - coeducación- mesmas escolas para nenos e nenas. A Relixión deixa de ser materia obrigatoria** (provoca o enfrontamento coa Igrexa) e permite o **emprego das linguas de España (vasco, catalán, galego)**

A Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas de 1933 estipulaba que a Igrexa non podía desenvolver a actividade educativa. Ademais ameazaba co peche de todos os Centros educativos relixiosos. A Igrexa Católica tiña casi 5000 Centros de Ensino, 352.000 escolares e 300 Centros de Secundaria. A vitoria en 1933 da Dereita suspendeu a implantación da Lei.


En relación coa reforma do Exército, o goberno creará unha nova forza armada. **A Garda de asalto.** Unha policía Nacional republicana que se encargaría de velar polo orde nas cidades, controlar e disolver manifestacións. Queríase crear unha forza leal á República e apartar ó exército da función de orde pública. Aínda así o exército seguiu contando como instrumento de mantemento do Orde Público tamén durante a República (Ex. Asturias 1934). As xefaturas de policía, Garda Civil e de Asalto e mesmo a Dirección Xeral de Seguridade estiveron baixo o mando de militares como Sanjurjo, Mola, Queipo de Llano, Franco...

A Constitución declaraba a España como Estado Integral, que facía compatible o Estado unitario co **dereito á Autonomía** dos municipios e as rexións. As zonas que por afinidades históricas, culturais... decidiran elaborar un estatuto de Autonomía tiñan que cumprir 3 condicións (Proposta de maioría de concellos, plebiscito coa aprobación de 2 terzos do Censo e aprobación das Cortes Españolas).

En Cataluña, xa antes de aprobarse a Constitución, unha comisión reunida en Nuria elaborou un proxecto, que foi aprobado pola case unanimidade dos concellos en xuño de 1931e aprobado en plebiscito polo 99% dos votos en agosto. Un ano despois, trala Sanjurjada, foi aprobado en setembro de 1932 polas Cortes. O Estatuto contemplaba un Goberno catalán, Generalitat, integrado por: Parlamento, Presidente e Consello executivo que exercían facultades lexislativas e executivas en facenda, economía, educación, orde público (mossos d’esquadra). O 1º goberno foi de Esquerra Republicana, presidido por Maciá.

Os procesos de autonomía de Euskadi e de Galiza foron máis lentos e non foron presentados para a súa aprobación polas Cortes da República ata 1936 (o de Galiza foi aprobado en plena Guerra Civil).

En 1932 o concello de Santiago convoca unha **Asemblea para xullo de 1932**. Desta vai saír unha **comisión redactora** para a elaboración dun proxecto definitivo de Estatuto formada principalmente por galeguistas e membros da **ORGA**, entre os que destaca a figura de **Alexandre Bóveda**. O Proxecto foi aprobado por unha asemblea de concellos en decembro de 1932. Este novo proxecto axeitábase á Constitución republicana e definía a Galicia como rexión autónoma do Estado español. Contemplaba unha Asemblea Parlamentaria, a **Xunta** como órgano executivo e o **Presidente**. Assignaba como competencias exclusivas para Galicia, o *ensino, o réxime local, obras públicas, réxime agrario...* Ademais Galicia executaría as materias de lexislación estatal como *minería, caza, pesca, prensa, transporte por estrada...* Quedaba pendente a cuestión da capitalidade (Santiago ou Coruña).




Tralo paréntese que significou o Bienio Negro, este texto será o asumido pola Fronte Popular e votado en **plebiscito en xuño de 1936**. As forzas da Fronte Popular (*Galeguistas, republicanos de esquerda, socialistas, comunistas...*) apoiarán o si ó Estatuto. Os datos oficiais falan dun 74% de participación do censo electoral cun 99% de votos emitidos, cifras que suscitan dúbida ("santo pucheirazo"), pero que estaban esixidas pola condición de ser aprobado polos dous terzos do total do censo electoral (66% dos censados).

En canto **ás relacións Igrexa. Estado**, o choque entre a Igrexa e a República vaise iniciar moi cedo. Ademais da oposición da meirande parte dos bispos ó novo réxime (Cardenal Segura), a queima de conventos que se produce en maio de 1931, trala provocación dun círculo monárquico en Madrid (2 mortos trala intervención da Garda Civil) desátase unha vaga anticlerical con queima de conventos, que se espalla polo Sur e Este da Península. Este feito significará, por unha parte, a primeira crise do goberno provisional republicano (dimisión de Maura e Alcalá Zamora ante a pasividade das autoridades republicanas para evitar os incendios – "A vida dun republicano vale máis que calquera convento" -); por outra a oposición ó réxime dunha boa parte dos católicos españois.

Eliminar ou diminuír a influencia social e política da Igrexa na sociedade española, próxima á Monarquía e ós sectores máis conservadores, era unha das pretensións dos grupos republicanos e de esquerdas. Ademais do principio constitucional de non confesionalidade do Estado e a separación de Igrexa-Estado, durante os anos 1932 e 1933 o goberno levou adiante unha serie de medidas: **Extinción da Compañía de Xesús e confiscación dos seus bens, aprobación do matrimonio civil, divorcio, secularización de cemiterios, anulación do presuposto do clero católico, prohibición ós relixiosos de exercer o ensino e a Lei de Congregacións**: obriga a rexistrarse as Ordes existentes, limitan a posesión dos seus bens, e contempla a posible disolución dalgunhas ordes. Esta política relixiosa enfrontou ó goberno de Azaña co Presidente da República Alcalá Zamora (conservador e católico).

O Bienio Negro. 1933-36 vai significar o remate das reformas. O bienio reformista rematou, desgastado pola conflitividade social e a tensión política, sendo os sucesos máis álxidos a sublevación do xeneral Sanjurjo (1932) e os sucesos de Casas Viejas (1933) que porá fin á colaboración entre republicanos e socialistas e que propiciará a vitoria do Partido radical de Lerroux e da CEDA de Gil Robles (influído claramente polo nazismo alemán) que abrirá unha nova etapa da República, o chamado Bienio Negro (1933-1936). Este bienio caracterizarase por unha política claramente antirreformista coa paralización de todas as reformas do primeiro bienio. A reforma agraria foi desmantelada (anulación das expropiacións das terras da alta nobreza, liberdade total de contratación de peóns, anulación do decreto de termos municipais), provocando o empeoramento das condicións de vida dos xornaleiros e agudizaron as tensións. O sistema de autonomías foi paralizado, obstaculizando a aplicación do Estatuto catalán e atrasando a discusión dos proxectos vasco e galego. Os créditos para a construción de escolas diminuíron. A nova amnistía permitiu saír do cárcere aos implicados no golpe de Estado de Sanjurjo. A única reforma que non se modificou foi a Lei Azaña sobre o exército.

Tralo triunfo da Fronte Popular en febreiro de 1936, retomáronse as reformas paralizadas durante o bienio negro. Restitúese o Estatut de Catalunya, apróbase o Estatuto de Autonomía do País Vasco, celébrase o plebiscito para a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, reiníciase a construción de escolas públicas e acelérase a aplicación da Lei de Reforma Agraria co reparto de 230.000 Has entre uns 150.000 campesiños.



Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1ª. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos (...)

4ª. As fincas rústicas de corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parceria ou calquera outra forma que non sexa explotación directa (...)

6ª. As que constituíron señoríos xurisdiccionais (...).

7ª. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).

8ª. As que debendo regarse (...) aínda non están regadas (...) **Lei de bases da reforma agraria. 9-9-1932**

O que máis destacaba na organización defectuosa do exército español, o que máis chamaba a atención ao público, era o exceso de persoal na oficialidade(...). Entón publiquéi eu un decreto de retiros voluntarios, o máis xeneroso ditado en ningún país cando un país ten que eliminar parte da súa oficialidade militar (...).

E, que é o que hai que facer co exército, o mesmo nunha república que nunha monarquía? Reducilo á súa propia función, que é a de prepararse para a guerra.

Manuel AZAÑA. **Discurso** [nas Cortes]. 2-12-1931

Un acontecemento inesperado veu alegrar as nosas vidas. Xa nos chegaran noticias dunha creación da República que estaba tendo moito éxito por onde pasaba: as Misións Pedagóxicas. Un grupo de profesores e estudantes de Madrid e outras cidades viaxaban cargados de libros, películas, gramófonos e instalábanse un ou varios días nos lugares que máis o necesitaban para compartir coa xente unha festa de cultura. Escritores, artistas, intelectuais, sumábanse ás Misións día a día. (...)

Xosefina R. ALDECOA. **Historia dunha mestra.**